

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5331 *Orde APM/397/2018, do 9 de abril, pola que se determina cando os recortes de espuma de poliuretano utilizados na fabricación de espuma composta se consideran subprodutos de acordo coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

A Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas, trasposta ao ordenamento xurídico español a través da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, define as condicións para que unha substancia ou obxecto, resultante dun proceso de produción e cuxa finalidade primaria non sexa a produción desa substancia ou obxecto, poida ser considerada como un subproduto e non como un residuo.

De acordo co establecido no artigo 4.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, os residuos de produción para seren considerados subprodutos deberán cumprir todas e cada unha das condicións seguintes:

- a) Que se teña a seguridade de que a substancia ou obxecto vai ser utilizado posteriormente.
- b) Que a substancia ou obxecto se poida utilizar directamente sen ter que se someter a unha transformación ulterior distinta da práctica industrial habitual.
- c) Que a substancia ou obxecto se produza como parte integrante dun proceso de produción, e
- d) Que o uso ulterior cumpra todos os requisitos pertinentes relativos aos produtos, así como á protección da saúde humana e do ambiente, sen que produza impactos xerais adversos para a saúde humana ou o ambiente.

A disposición transitoria primeira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, prevía que se continuasen aplicando os procedementos administrativos vixentes en relación cos subprodutos até que non se puxesen en marcha os mecanismos previstos no artigo 4.2 da citada lei, é dicir, o desenvolvemento da avaliación no seo da Comisión de coordinación en materia de residuos da consideración como subproduto de determinados residuos de produción.

Co obxectivo de pór en marcha os mecanismos previstos no referido artigo 4.2, o entón Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborou un procedemento para a avaliación da consideración dun residuo de produción utilizado nun uso específico como subproduto. O dito procedemento inclúe unha definición do que se debe entender por proceso de produción e por residuo do proceso de produción, e prevé a verificación do cumprimento das catro condicións que deben cumprirse para que o residuo de produción sexa considerado subproduto. Cando se cumpran as ditas condicións, procederá elaborar unha orde ministerial onde se establecerán os requisitos exixibles ás empresas para xestionar como subproduto ese residuo de produción nese uso específico.

De acordo co previsto no citado procedemento, os produtores dos recortes de espuma de poliuretano e os seus usuarios para a fabricación de espuma composta presentaron ao entón Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a solicitude de declaración de subproduto do referido residuo de produción para o uso especificado, co contido sinalado no procedemento, así como o correspondente informe xustificativo que inclúe os números preceptivos seguintes: información sobre o material susceptible de ser declarado subproduto e sobre o proceso en que se produce; información sobre o proceso en que se

utilizará o material susceptible de ser declarado subproduto; información sobre a seguridade de que o material susceptible de declaración de subproduto vai ser utilizado, e información sobre o impacto ambiental e sobre a saúde humana derivado do uso do dito material. Para a análise desta solicitude este ministerio encargou o correspondente estudo técnico para valorar a adecuación dos recortes de espuma de poliuretano ao concepto de subproduto para o seu uso na fabricación de espuma composta. O estudo levado a cabo tamén examinou a bibliografía dispoñible sobre a materia para facilitar a toma de decisión en canto á procedencia de declarar o citado residuo de produción como subproduto. Este estudo foi revisado e valorado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e, especificamente, pola Subdirección Xeral de Residuos. As conclusións alcanzadas no ministerio remitíronse ao grupo de traballo de subprodutos para o seu debate e análise. Posteriormente, a avaliación da solicitude levada a cabo polo grupo de traballo de subprodutos elevouse como proposta de informe ao pleno da Comisión de coordinación en materia de residuos, quen en virtude do previsto no artigo 4.2 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, emitiu informe favorable, o 29 de maio de 2017, sobre o cumprimento das catro condicións establecidas no artigo 4.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e propuxo a este ministerio a súa aprobación mediante o ditado da correspondente orde ministerial.

En relación co cumprimento da primeira condición establecida no artigo 4.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, é dicir, a seguridade de que a substancia ou obxecto vai ser utilizado posteriormente, a utilización de recortes de espuma de poliuretano como materia prima para a fabricación de espuma composta está a realizarse desde os anos cincuenta do século XX.

En referencia ao cumprimento da segunda condición, é dicir, se a substancia ou obxecto se pode utilizar directamente sen ter que someterse a unha transformación ulterior distinta á práctica habitual, o proceso a que se someten os recortes de espuma de poliuretano é similar ao que se somete a materia prima, consistente nun triturado, mestura con aglutinante, aplicación de presión e calor, e conformación en novas pezas.

Respecto ao cumprimento da terceira condición, isto é, se a substancia ou obxecto se produce como parte integrante dun proceso de produción, os recortes de espuma de poliuretano prodúcense no propio proceso de produción da espuma de poliuretano e orixínanse como consecuencia do axuste do produto ás especificacións do cliente.

Por último, en relación co cumprimento da cuarta condición, é dicir, que o uso ulterior cumpra todos os requisitos pertinentes relativos aos produtos, así como á protección da saúde humana e do ambiente, sen que se produzan impactos xerais adversos para a saúde humana ou o ambiente, os recortes de espuma de poliuretano teñen a mesma composición que a espuma de poliuretano e só cambia a súa forma física, e o proceso de transformación dos recortes en espuma composta é o mesmo que o empregado para a obtención do produto primario, polo que se considera que durante o emprego destes recortes como materia prima non se producen impactos adversos distintos aos que poidan xerarse no propio proceso de produción das espumas.

Esta orde establece os requisitos técnicos das espumas e as obrigacións dos produtores e dos usuarios do dito material. En consecuencia, os recortes de espuma de poliuretano que se destinen á fabricación de espumas compostas poderán declararse subprodutos sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos na presente orde.

En caso de que os ditos requisitos non se cumpran, os residuos de produción procedentes da fabricación de espuma de poliuretano non poderán ser destinados á fabricación de espumas compostas como subproduto, polo que terán que xestionarse baixo o réxime xurídico de residuos, co fin de asegurar a súa correcta xestión e protexer adecuadamente a saúde humana e o ambiente.

A habilitación para desenvolver esta orde ministerial encóntranse no artigo 4 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e o seu fundamento constitucional no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na elaboración desta orde ministerial consultáronse outros departamentos ministeriais, as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados; así mesmo, someteuse ao trámite de información pública e remitiuse á Comisión de coordinación en materia de residuos e ao Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación das previsións da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Declaración de subproduto.*

Os recortes de espuma de poliuretano procedentes do proceso de produción de espuma de poliuretano utilizados para a elaboración de espuma composta considéranse subprodutos cando se cumpran os requisitos establecidos nesta orde, aplicable en todo o territorio nacional.

Aos recortes de espuma de poliuretano que non cumpran os requisitos anteriores ou non se destinen á fabricación de espumas compostas seralles de aplicación o réxime xurídico de residuos establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos desta orde entenderase por:

a) Espuma de poliuretano: produto formado pola adición de diisocianatos, poliois éter/poliois éster e auga, controlados por catalizadores, estabilizantes e outros aditivos, con resultado dunha espuma de poliuretano celular en que todos os reactivos están enlazados quimicamente á matriz de poliuretano do polímero.

b) Recortes de espuma de poliuretano: residuo de produción xerado na adecuación ás dimensións e tamaños demandados polo cliente, dos bloques de espuma de poliuretano.

c) Espuma composta: produto obtido no proceso integrado polas seguintes etapas: selección da espuma, flocaxe, consistente na adhesión de fibras sintéticas durante un proceso electrostático a través dun adhesivo especial para fibras, mesturas de compoñentes (aditivos e restos de espuma), adición de aglomerante, enchedura dos moldes, proceso a presión, adición de vapor, desmoldaxe do bloque formado, curado do bloque e transformación en distintas pezas.

d) Produtor: a persoa física ou xurídica que xera os recortes de espuma de poliuretano.

e) Usuario: a persoa física ou xurídica que recibe os recortes de espuma de poliuretano para a fabricación de espuma composta.

Artigo 3. *Requisitos dos recortes de espuma de poliuretano destinados á fabricación de espuma composta.*

Os recortes de espuma de poliuretano non deberán estar mesturados nin manchados con outros materiais ou substancias, polo que non poderán mesturarse nin pórse en contacto con ningún outro produto ou residuo desde o momento en que se xeren, nin no transporte interior nas instalacións de produción nin no almacenamento, nin na súa compactación e embalaxe previa á fabricación da espuma composta.

Artigo 4. *Obrigacións do produtor dos recortes de espuma de poliuretano.*

O produtor que desexe xestionar os recortes de espuma de poliuretano como subproduto para o seu uso na fabricación de espuma composta deberá presentar unha declaración responsable ante o órgano ambiental competente da comunidade autónoma

onde se xeran. Na dita declaración indicará o usuario ou usuarios previstos. Se o usuario está nunha comunidade autónoma distinta da do produtor, o produtor enviará copia da declaración responsable ao órgano competente da comunidade autónoma de destino.

Na declaración responsable o produtor deberá manifestar, baixo a súa responsabilidade, que os datos indicados de produtor e usuario son certos e que cumpre cos requisitos establecidos na presente orde.

O produtor do subproduto verificará que as balas de recortes de espuma de poliuretano dispostas para o seu transporte ás instalacións dun usuario cumpren os requisitos establecidos no artigo 3 da presente orde.

Os produtores dos recortes de espumas de poliuretano levarán un rexistro cronolóxico das cantidades producidas e xestionadas como subproduto, así como dos seus destinos, que se deberá manter e estar á disposición da autoridade competente durante un período de 3 anos para a súa inspección.

Artigo 5. *Control das comunidades autónomas.*

A comunidade autónoma poderá verificar cando o considere conveniente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 da presente orde. En caso de incumprimento informarase o produtor de que deberá xestionar os recortes de espuma de poliuretano como residuo.

Para efectos estatísticos e de control, as comunidades autónomas inscribirán o produtor do subproduto nun número específico do Rexistro de Producción e Xestión. A información relativa ao subproduto recollida no rexistro será de uso exclusivo para a Administración e manterase actualizada.

Artigo 6. *Arquivo cronolóxico do usuario.*

Os usuarios dos recortes de espumas de poliuretano levarán un arquivo cronolóxico das cantidades utilizadas e da súa procedencia, que se deberá manter e estar á disposición da autoridade competente durante un período de 3 anos.

Artigo 7. *Traslado do subproduto dentro da Unión Europea.*

O Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, non será de aplicación no caso de que o produtor envíe os recortes de espumas de poliuretano a un usuario doutro Estado membro da Unión Europea que teña declarado igualmente como subproduto os recortes de espuma de poliuretano para o seu uso na fabricación de espuma composta. Do mesmo modo, o Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, non será de aplicación no caso de que un usuario en España reciba os recortes de espuma de poliuretano dun produtor dun Estado membro da Unión Europea que teña declarado como subproduto os recortes de espuma de poliuretano para o seu uso na fabricación de espuma composta, de acordo co principio de recoñecemento mutuo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de abril de 2018.—A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.